

Acta núm. 9/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 16 de abril de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.
Non asiste: Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.30 horas (2ª convocatoria) do 16 de abril de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 9 de abril de 2019.

2º.- Comunicacóns previas (obras menores).

3º.- Licenzas de obra menor.

4º.- Comunicacóns previas (actividades).

Fora da orde do día:

1º) Aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar do Concello.

5º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 9 DE ABRIL DE 2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 9 de abril de 2019, acta núm. 08/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Vieito Brenla, que di actuar en representación de MANUEL RUSO GOMEZ, na que comunica que vai construír un muro de 95 metros lineais, nos lindes laterais e traseiro da parcela da Avd. de Noia, Os Ánxeles, con bloques de formigón, de 0,20 m. de alto e arame por encima, acadando unha altura máxima de 1,80 m. medidos sobre a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretende executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicacón previa asinada por MARIA ROSA LOPEZ GOMEZ, na que comunica que vai colocar plaqueta na primeira planta da vivenda da Avd. Vicente Ramos 36, Os Ánxeles, e pintar o seu interior. Trátase de obras de escasa entidade que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo

PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALICIA RODRIGUEZ OMIL, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Avd. Santa Minia 106, Brión substituindo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO RODRIGUEZ CASTIÑEIRAS, na que comunica que vai construír unha piscina descuberta de 50 m² en Cirro 28, San Salvador.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como de solo de núcleo rural en áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2) e atópase dentro da zona de policía de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización de Augas de Galicia, de data 05.03.2019 (Clave: DH.W15.65889), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Situarase mínimo a 5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias e a 3 m. dos demais lindeiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jorge Nimo Silva, que di actuar en representación de JULIO RUIZ JIMENEZ YAÑEZ, na que comunica que vai construír un peche en Guisande 49, Os Ánxeles, coas seguintes características:

.- No linde coa vía pública situarase a 5,5 m. do eixe do vial. Executarase con muro de formigón revestido de 1,20 m. de altura sobre a rasante natural do terreo e 0,60 m. de perfilería metálica semiopaca por enriba; contará con dous portais de entrada e formará un resio coincidente coa entrada dos coches. A altura total do muro será de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.

.- No linde lateral norte executarase con reixa metálica tipo hércales de 1,50 m. de altura sobre a rasante natural do terreo.

.- No linde lateral oeste executarase con reixa metálica tipo hércales de 1,50 m. de altura sobre a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL SANCHEZ ALVAREZ, na que solicita licenza de obra para colocar un tubo de 6 metros de largo e 40 cm. de diámetro na cuneta, para

dar acceso á parcela con referencia catastral 6342803NH2464S0001AZ, sita en Piñeiro, Os Ánxeles, pavimentando logo con formigón.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER SANCHEZ CONDE, para o funcionamento da actividade de local para centro de negocios, na Praza do Concello 2, baixo E, Brión, segundo memoria técnica redactada polo arquitecto Óscar Pidre Mosquera e documentación complementaria presentada o 11/04/2019 (r.e. 1273).

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura do establecemento dedicado a centro de negocios na Praza do Concello 2, baixo E, Brión. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade, acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1º) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.04.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Política Social e Cultura en sesión do 16.04.2019, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Por providencia desta alcaldía do 08.03.2019, acordouse:

1º) Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos regulado no art. 17 e 308 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, do servizo de axuda no fogar do Concello de Brión, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

A duración do contrato que se considera adecuada tendo en conta a prestación, será de dous anos, contados desde a data da súa formalización. Os criterios de adxudicación serán definidos polos servizos sociais do Concello atendendo á natureza da prestación.

2º) Que se elabore un estudo económico do servizo para determinar o valor da prestación.

3º) Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

4º) Que se emita informe pola secretaría e intervención municipais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2.- Consonte co disposto nos artigos 131,146.2 e 156 e ss. da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

3.- O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4.- O valor estimado do contrato supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1º da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para tramitar o expediente á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en virtude do acordo plenario de delegación de competencias do 17.07.2015, publicado no BOP do 29.07.2015.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, propono á Xunta de Goberno Local, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar e iniciar a licitación por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante que se atopa aloxado na Plataforma de contratación do sector público do Estado.

2º) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación previsto no art. 156 da LCSP, que han rexer no contrato, asinados con datas 11.03.2019.

3º) Autorizar o gasto desta anualidade con cargo á aplicación: 231.22714 do orzamento vixente onde existe retido crédito por intervención, adoptando o compromiso de consignar nos orzamentos de 2020 e 2021, os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados deste expediente de contratación.

4º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en virtude do acordo plenario de delegación de competencias do 17.07.2015, publicado no BOP do 29.07.2015, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,40 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González